*Trevinca* *Xeodestino*
*Trevinca*
*Destino Turístico Starlight*

**XEODESTINO MANZANEDA- TREVINCXEODESTINO MANZANEDA- TREVINCA**

# ASTROTREVINCA 2015
# II Xornadas de Astroturismo"

11, 12 e 13 de Setembro de 2015

---

***Programa das Xornadas:***

## Venres 11

**19.00h Inauguración das II Xornadas de Astroturismo.**

Sr. Alcalde do Concello de A Veiga.

Sr. Presidente de TREVIHOST (Asoc. Hostalería e Turismo Trevinca- A Veiga)

Sr. Xefe da Área Provincial da Axencia de Turismo de Galicia.

Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense.

**19.30h Presentación de TREVINCA: Destino Turístico Starlight. Razóns e obxetivos.**

A cargo de Óscar Blanco.

** Sala de Conferencias O Toural.*

**20.00h Cea de Confraternidade.**

** Lugar: Por determinar.*

**21.00h Observación astronómica Mirador Estelar "A Tablilla das Lagoas ".**

** Lugar de observación: A Tablilla das Lagoas (consultar mapa adxunto). No caso de modificarse o lugar notificarase aos participantes. No caso de que as condicións atmosféricas sexan desfavorables realizaranse actividades na Biblioteca e Centro TiC.*

ASTROTREVINCA 2015

## Sábado 12

** Biblioteca e Centro TIC.*

**11.00h Conferencia: "Curiosidade, Sr. Spock, insaciable curiosidade** (Literatura estelar)".

Impartido por Estíbaliz Espinosa.

**11.45h Conferencia: "Posibilidade de vida en exoplanetas baseada en fluídos diferentes á auga".**

Impartido por Mario García González.

**12.45h Pausa**

**13.00h Conferencia: "Auroras, a maxia do ceo". Experiencias en Laponia e Islandia.**

Impartido por Óscar Blanco.

**14.00h Observación Solar con telescopio de Hidróxeno Alfa.**

**15.00h Xantar**

** Lugar: Por determinar.*

**18.00h Conferencia: " Postal Planetaria".**

Impartido por Borja Tosar.

**19.00h Fin da sesión do sábado. Preparación para a observación astronómica.**

**21.00h Observación astronómica Mirador Estelar "A Tablilla das Lagoas ".**

** Lugar de observación: A Tablilla das Lagoas (consultar mapa adxunto). En caso de modificarse o lugar notificarase aos participantes. En caso de que as condicións atmosféricas sexan desfavorables realizaranse actividades na Biblioteca e Centro TiC.*

## Domingo 13

ASTROTREVINCA 2015

** Biblioteca e Centro TIC.*

## 11.30h Obradoiro: "O ceo ao alcance da man".

Impartido por Xoán Antón Leiro e Emilio Castro Otero.
Sobre a construción de instrumentos astronómicos antigos. Custo 5€, inclúe material.

## 14.00h Clausura das II Xornadas Astrotrevinca.

***Relación de ponentes:***

**Estíbaliz Espinosa**, A Coruña, 1974.
Escribo, principalmente relato, poesía e artigos. Traduzo. Dedícome tamén á música como cantante. A miña formación é en Socioloxía e en Filoloxía Hispánica mais, por curiosidade e devezo, tezo redes entre diversas ciencias e a literatura. www.estibalizespinosa.com

**Marío García González**, A Coruña.
"Nado en Coruña, estudiei Ciencias Físicas en Santiago, traballando posteriormente en testeo de unidades electrónicas de aeronaves na empresa Indra DTD. Á miña volta en Galicia traballei como comercial en varias empresas do ámbito tecnolóxico. Posteriormente preparei me durante anos para ser profesor de educación de secundaria. Entrei en contacto coa Agrupación Astronómica Io e decidín facer un máster de Astronomía e Astrofísica, volvendo dalgún modo aos estudos universitarios. Gústame esquiar, a bici, andar polo monte, e trastear con robots, a poder ser construídos coa miña impresora 3D. "

**Óscar Blanco Varela.** A Coruña, 1974.
Aficionado á astronomía dende moi neno, apaixonado da observación do ceo nocturno, divulgador e astrofotógrafo. Segue polo mundo dende fai xa moitos anos fenómenos astronómicos como eclipses e auroras. Fundador da Agrupación Astronómica Coruñesa Ío (ano 2002) e colaborador habitual co Concello de A Veiga en actividades relacionadas coa astronomía, así como en medios de comunicación.

**Xoán Antón Leiro**. Pontevedra. 1983.
É aficionado á astronomía dende cativo e coa chegada do cometa Hale-Bopp a súa paixón polo firmamento non fixo máis que medrar. Forma parte da Asociación Astronómica Sirio coa que colabora na impartición de conferencias e xornadas de observación. É xornalista de profesión e divulgador do fermoso camiño que trazan as estrelas.

**Emilio Castro Otero**. Pontevedra, 1978.
Astrónomo afeccionado dende fai máis de 25 anos e membro de la Asociación Astronómica Sirio de Pontevedra (www.asociacionsirio.es) dende o ano 2000. Actualmente colabora activamente nas actividades de divulgación da astronomía e observación amateur que se realizan no Observatorio Astronómico de Cotobade. // Colaborou en programas de radio sobre astronomía en Onda Cero e na Radio Galega, impartiu máis de 50 conferencias divulgativas sobre astronomía, participou como profesor en varios cursos de verán de introdución á observación astronómica na UNED e a UIMP, entre outras moitas formas de dar renda solta á súa afección pola observación do firmamento estrelado e compartila cos demáis.



ASTROTREVINCA 2015

**Mostra dalgúns dos obxectos a realizar no obradoiro.*

**Borja Tosar.**

Máster en Astronomía e Astrofísica pola Universidade de Valencia e divulgador científico. Comenta novas de astronomía en V Televisión, A Voz de Galicia, Onda Cero Coruña e Radio Galega tamén colabora co Planetario de Coruña e o Observatorio Astronómico de Forcarei. As noites despexadas sae a observar as estrelas co seu telescopio. www.surftitan.com

ASTROTREVINCA 2015